



XIV ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
8 e 9 de marzo
Consello da Cultura Galega

RESUMOS

XOVES 8 DE MARZO

Relatorio
OS CAMBIOS DE LINGUA: CONTEXTOS E MOTIVACIÓNS

Henrique Monteagudo Romero

Resumo

Nas dúas últimas décadas produciuse un progreso extraordinario no terreo da descrición da situación e da evolución sociolingüística de Galicia de carácter cuantitativo e fundada en fontes estatísticas, moi especialmente a partir do Mapa Sociolingüístico de Galicia elaborado polo Seminario de Sociolingüística da RAG a partir de 1992. Non obstante, un fenómeno central nese ámbito, e en particular da evolución sociolingüística, quedou relativamente na sombra: os cambios de lingua -onde incluímos as modificacións de usos lingüísticos- do galego ao castelán e viceversa.

Como é sabido, os cambios de lingua ou ben teñen carácter interxeracional (transmisión / abandono da lingua de xeración á xeración) ou ben intraxeracional (modificacións nos hábitos lingüísticos ao longo da vida). O estudo de ambos os tipos de cambio, os seus contextos concretos e as súas motivacións, son de grande relevancia non só para a sociolingüística descritiva, senón tamén para a aplicada (isto é, para as iniciativas favorables á normalización do galego).

No noso relatorio pretendemos subliñar a importancia do asunto, mostrar o interese da pescuda nel para a normalización da lingua, e ofrecer unha primeira incursión na descrición e interpretación dos cambios lingüísticos intraxeracionais ou biográficos.

Mesa de traballo
EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DE INTERVENCIÓN NOS USOS
LINGÜÍSTICOS DA MOCIDADE

UNHA REFLEXIÓN INTRODUTORIA AO LABOR DOS EQUIPOS NOS CENTROS DE ENSINO

Olga Iglesias

Resumo

Malia o papel determinante que os Equipos de Normalización Lingüística viñeran desenvolvendo dende o ano 1991 como axente activo e vertebrador do proceso de normalización lingüística no ensino, a desarticulación e a rutina na que se atopaban sumidos no 2005 esixía un cambio de rumbo na súa orientación. Así o poñían de manifesto o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* e o informe *Evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia (cursos 2002- 2005)*, realizado polo Consello Escolar de Galicia.

A etapa 2006- 2009 supuxo un punto de inflexión marcado pola publicación dun marco legislativo favorable. Aínda que as medidas destinadas á súa implantación foran mornas de máis nunhas ocasións e inexistentes noutras, iniciouse un proxecto de traballo que tiña como finalidade a dignificación e a visibilidade do labor dos equipos.

O establecemento de plans de formación en planificación lingüística para todos os estamentos implicados na realización de proxectos de fomento do uso do galego, a reorientación da convocatoria de axudas e o incremento destas nun 40%, a elaboración de materiais de planificación lingüística, a creación dun espazo web para o intercambio de experiencias, e, sobre todo, a creación dunha rede técnica de apoio á normalización, foron algunhas das medidas desenvolvidas. O nivel de planificación dos proxectos presentados no 2009 polos centros de ensino e a vitalidade, sen precedentes, da que goza na actualidade a coordinación intercentros, dan boa conta da súa rendibilidade.

As mudanzas significativas operadas en tan curto espazo de tempo vense ameazadas no momento actual e cómpre deseñarmos novas estratexias de actuación.



Mesa de traballo
EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DE INTERVENCIÓN NOS USOS
LINGÜÍSTICOS DA MOCIDADE

A ACTUACIÓN SOBRE GRUPOS CASTELANFALANTES

Xosefa Martínez e Manuel Sánchez

Resumo

1.- UN PROXECTO QUE RESPONDE A UNHA REALIDADE:

1.1.-CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

En Cangas, en especial no centro urbano de onde procede a maioría do noso alumnado, o galego é unha lingua asociada á xente maior, aos políticos e á maioría do profesorado; ás actividades tradicionais (pesca, campo, mercado), á política e ao ensino. O castelán é a lingua habitual de nenos e nenas e xente nova e dos seus pais e nais, polo menos cando se dirixen a eles, aínda que en moitos casos empreguen o galego cando se dirixen á xente maior ou á xente que lles fala en galego. O castelán é tamén a lingua de todas as actividades pensadas para nenos ou mozos que se ofertan no centro de Cangas. Xa temos alumnado que entra en contacto por primeira vez co galego na escola, se ben na maioría dos casos é tamén para eles a lingua dos avós e avoas e da TVG.

1.2.- CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

Existe un grupo importante moi comprometido co galego. En xeral, todo o noso profesorado está aberto e receptivo a unha normalización entendida como dereito e unha vantaxe para o alumnado e para os galegos e galegas en xeral. Contamos cun equipo directivo comprometido coa tarefa normalizadora.

1.3.-COMPETENCIA DO ALUMNADO

O uso social que aínda se mantén en Cangas e o uso académico axudaron ao noso alumnado a desenvolver competencias en comprensión oral e escrita e en expresión escrita en galego semellantes ás que teñen en castelán pero presenta unha competencia moi inferior en expresión oral, asociada á falta de hábito de uso e aos prexuízos que relacionan o galego exclusivamente coa xente maior e co rural ou co profesorado e os políticos, grupos sociais cos que non se identifican.

O contacto co galego a través da escola achégaos ao rexistro formal pero moito alumnado carece de contextos nos que poida usar o galego no rexistro informal polo que non chega a interiorizalo.



2.- OBXECTIVO PRIORITARIO:

Que o alumnado supere prexuízos e falta de hábito, que queira falar en galego e sexa quen de facelo en todos os contextos.

3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

3.1.- CON PAIS E NAIS.

Transmitirlle valores positivos asociados ao galego que os fagan conscientes dunhas vantaxes que non poden rexeitar para os seus fillos e fillas procurando que apoiem o noso proxecto normalizador.

EN GALEGO somos máis conscientes da nosa identidade

EN GALEGO damos vida á nosa cultura propia.

EN GALEGO somos efectivamente bilingües

EN GALEGO entendémonos con quen fala portugués

EN GALEGO defendemos un mundo plurilingüe e multicultural e polo tanto a diversidade humana, a ecoloxía e a protección do medio natural.

EN GALEGO traballamos polo que é xusto e en contra do abuso do forte sobre o débil e de toda forma de discriminación.

3.2.- CO PROFESORADO:

O primeiro paso, hai 7 anos, foi desvincular o ENL do departamento de galego ou exclusivamente dos departamentos de letras, incorporando profesorado dos departamentos de matemáticas, ciencias, física e química, tecnoloxía e dos ciclos de informática, electrónica ou administrativo.

Nun segundo paso, hai 4 anos, enfocamos a normalización como proxecto de centro. Aínda que seguimos deseñando actividades desde o ENL, incorporamos ao proxecto todas as iniciativas que se desenvolvían nas aulas e no centro invitando ao profesorado a engadir propostas que axudasen á consecución do obxectivo prioritario do proxecto de normalización.

Levamos varios anos organizando cursos para mellorar a capacitación do profesorado no dominio de correctores, tradutores, das ferramentas da tecnoloxía dixital (Pizarra id, ordenadores *netbook*, plataforma *moodle*) e no deseño de materiais na web.0 para os blogs de aula do proxecto Abalar.

3.3.- CO ALUMNADO: traballo a tres niveis

3.3.1.- EQUIPOS por idades para alumnado voluntario. Asume o compromiso de falar en galego unha vez á semana nun recreo e en todas as actividades pensadas só para os equipos. Creamos así un espazo de inmersión no que pode superar medos e inseguridades e habituarse a falar galego con normalidade; un espazo no que o alumnado máis galeguizado se converte en modelo para os máis castelanizados e tamén para o alumnado que chega de fóra (voluntariado lingüístico); un espazo de



debate no que o alumnado analiza criticamente os usos lingüísticos propios e da sociedade na que vive. Actualmente forman parte dos equipos uns 150 alumnos e alumnas.

Claves para que funcionen: DISCRIMINACIÓN POSITIVA

Para que queiran estar teñen que ser moit@s e para iso os equipos teñen que ser atractivos:

- Metodoloxía que combine reflexión e diversión.
- Avaliación continua co alumnado, deixando que sexan protagonistas nas actividades que máis lles gusten (Que sexan envexad@s): guías nas exposicións, visitas aos/dos coles adscritos, correos de San Valentín...
- Realización dunha actividade festiva que responda aos seus intereses ao final de cada trimestre, só para os equipos mentres o resto do alumnado está na aula.
1º trimestre: (dúas horas falando galego) Festa (invitacións personalizadas, selo na entrada, música variada e variñas de luz, karaoke, bailes e coreografías, fotos e vídeos, comida compartida)
2º trimestre (unha mañá falando en galego) ruta de sendeirismo polas praias, xincanas e xogos.
3º trimestre (un ou dous días falando en galego): facer novos amig@s que falen en galego (intercambio cun centro con alumnado galego-falante).
- IMAXE POSITIVA e XUVENIL da Normalización no centro: campañas utilizando fotos do alumnado divertíndose nestas actividades, invitando a querer estar aí.

3.3.2.- NA AULA

- Profesorado que anime ao uso oral do galego apoiándose no alumnado dos equipos (Que o alumnado acade a competencia que non ten é tarefa de todo o profesorado).
- Profesorado que recoñeza os esforzos do alumnado por usar oralmente o galego nas cualificacións, fomentando a autoestima e axudando á superación dos prexuízos e da falta de hábito.
- Profesorado que propoña actividades orais relacionadas coas diferentes materias nas que o alumnado teña que falar en galego diante dos seus compañeiros na súa propia aula, noutras aulas ou nas actividades no centro.

Por exemplo, alumnado de 2º de bacharelato preparou nas clases de física, química e tecnoloxía experimentos que realizou, explicando paso a paso, diante do alumnado do centro na Semana da Ciencia. O alumnado de 1º de Bacharelato está a crear na clase de Tecnoloxía da Información unha canle de radio en *Ivoox* que emita varios programas en galego de temática variada. O alumnado de Educación para a cidadanía realizou unha exposición sobre os dereitos da infancia que explicou ao alumnado de 1º da ESO.

- Profesorado que cree espazos en galego na rede.
O alumnado de 1º de Bacharelato está a crear na clase de Tecnoloxía da Información unha rede social que ofrezca en galego etiquetado de fotos, música, actualización de



perfís, xogos e calquera outro servizo que o alumnado considere interesante. Tamén se traballa a etiquetaxe social en galego para descrición dos materiais informativos ou a subtitulación de vídeos en galego directamente desde o inglés, enchendo ocos onde o castelán non é maioritario e rexeitando a imaxe do galego como subsidiario do castelán; Blogs de aula de Abalar en 1º e 2º da ESO.

3.3.3.- NO CENTRO

METODOLOXÍA: Promover o papel protagonista do alumnado, invitándoo a participar en propostas creativas e divertidas que o sorprendan e lle permitan gozar da lingua en ámbitos asociados aos seus intereses, traballando o vídeo, a fotografía, a dramatización, a poesía, a música... e animándoo a crear e a demandar novos espazos e ámbitos de uso na rede, no mundo audiovisual, na empresa, no comercio... que garantan a presenza do galego como lingua viva na nosa sociedade e a súa proxección de futuro.

- Actividades que nos afirmen na nosa tradición, no orgullo de ser quen somos: (MAGOSTO: cantigas e bailes populares; ENTROIDO (concurso de disfraces e coplas satíricas), LETRAS GALEGAS (himno galego, premios pero tamén linguas azuis, carteis no valado exterior do instituto, pancartas, encrucillado xigante no chan do patio coas palabras máis votadas).
- Actividades divertidas que asocien o galego aos intereses da xente nova.

MAGOSTO-TERROR: concurso de ideas creativas (traballos manuais, monicreques, teatro de sombras, fotorrelatos, máscaras, maquillaxe...) a partir da nosa tradición (relatos e banda deseñada) e da tradición universal asociada aos personaxes do terror.

SAN VALENTÍN-AMOR: Concurso de murais de aula e de postais con versos e expresións de amor (lévanse ás librarías de Cangas e Moaña), fotos dedicadas, correo de San Valentín.

Premios: lambonadas.

- Actividades que dean a coñecer a nosa cultura e o noso patrimonio: libros, música, audiovisual, banda deseñada, teatro, contacontos...; campañas AGASALLA EN GALEGO, O GALEGO É UN REGALO; xornadas *O mar de Cangas, O Morrazo na antigüidade*; concurso fotográfico de natureza e patrimonio con versos de poetas galegos... organizando exposicións, charlas, mesas redondas, encontros con autores, faladoiros...
- Actividades que relacionan o galego cos medios de comunicación: REVISTA *Abre os ollos*.
- Actividades que axuden a superar os prexuízos asociando o galego á empresa, ao comercio, á ciencia, á tecnoloxía... : Colaxe: TODO É POSIBLE EN GALEGO. SÓ TEMOS



QUE QUERERnos; BÚSCASE GALEGO VIVO EN CANGAS (postais a partir de fotos de carteis, nomes de locais, publicidade, menús, cartas de restaurantes, folletos...), ETIQUETA EN GALEGO, MARCA DE DISTINCIÓN; PON A MESA EN GALEGO (fotos, información e exposición de produtos etiquetados en galego; concurso de etiquetaxe en galego; tendais, toldos e vídeo con camisetas con lemas en galego; DÍA DA CIENCIA EN GALEGO (papaventos tetraédico azul e branco, bolboreta azul e branca nos libros de ciencias e tecnoloxía), SEMANA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA (obradoiros e experimentos divertidos explicados ao alumnado polos seus compañeiros e compañeiras).

- Actividades coas que o alumnado descubra que o galego nos achega ás linguas e culturas da lusofonía, dándonos, polo tanto, unha mellor preparación o futuro.

Exposición GALEGOFONÍAS, achegamento a BRASIL desde o mundo do FÚTBOL, saídas a Portugal, visitas ao centro, experiencias de galegos polo mundo (*O galego é útil.com*), dos nosos alumnos e ex-alumnos, ...

- Actividades que asocien a normalización do galego á defensa da diversidade lingüística e cultural do mundo como unha riqueza para a humanidade (ecoloxía lingüística): Bailes do mundo no magosto. Mapas da diversidade de especies-diversidade de linguas: AP/MADRIÑA UNHA LINGUA: reparto de linguas de gominola co nome dunha lingua do mundo cunha ficha para recoller información; Paz en 200 linguas no día da Paz: PONTE DE LINGUAS, RODA DE LINGUAS. A PAZ, MÚSICA PARA O MUNDO (cancións sobre a paz en moitas linguas traducidas ao galego), encontros con galegos que andan polo mundo e con xente de fóra que aprendeu galego.

- Actividades que asocien a defensa do galego á loita contra a inxustiza e a discriminación, contra o asoballamento do forte cara ao débil.

Día contra a violencia de xénero, Día da Muller (XINCANA DE TAREFAS DOMÉSTICAS), Semana intercultural.

Os avances na transformación dos usos lingüísticos do noso alumnado son lentos e cómpre remarcar o positivo e avanzar pouco a pouco para evitar frustracións, buscando apoios que nos axuden a sentírmonos fortes.



Mesa de traballo
EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DE INTERVENCIÓN NOS USOS
LINGÜÍSTICOS DA MOCIDADE

A ACTUACIÓN SOBRE GRUPOS GALEGOFALANTES

Francisco Veiga

Resumo

A intervención centrase na exposición das principais liñas de traballo desenvolvidas ao longo de dúas décadas polo EDLG do IES Melide. Nunha comarca interior, a Terra de Melide, fundamentalmente rural, onde a vida ordinaria non só se desenvolve en galego senón que conserva plenamente viventes moitos sinais de identidade que resisten os procesos de aculturación tan visibles noutros lugares do país, a planificación das estratexias de traballo desenvolvidas polo EDLG do IES Melide estivo especialmente encamiñada ao longo dos anos á posta en valor dun medio concreto. Este intento de posta en valor concíbese desde a óptica lingüística, naturalmente, pero tamén desde unha perspectiva máis global (cultural, económica, social...) na que, á fin, a propia lingua toma corpo.

Precisamente por ser esta a perspectiva de partida, o EDLG do IES Melide pode ser considerado un Equipo dos denominados *tea de araña*, con pretendida capacidade de incidencia real en todos os aspectos da vida do centro, e aspirando tamén a influír no día a día da comarca da Terra de Melide. Así, para o seu funcionamento interno ordinario, estrutúrase en pequenos grupos de traballo con facetas e obrigas específicas que procuran integrarse no quefacer cotián do centro de xeito non traumático e que, co paso do tempo, acaban confundíndose con este.

O EDLG do IES Melide denomínase internamente *Equipo de Normalización Lingüística e Cultural*, precisamente porque intenta partir da premisa de que a lingua non é máis que unha das manifestacións culturais que nos identifican aos galegos e ás galegas como pobo, incapaz de acadar cotas de normalización aceptables se non se analiza como parte integrante dun todo (a *cultura galega*) que tamén cómpre normalizar. Porén, e nun intento de afastarse do *folclorismo* mal entendido, o Equipo non organiza como tal, por exemplo, ningunha das festas do calendario anual tradicional.

Presentación FRASEOLOXÍA VISUAL

Alba Cid

Resumo

O obxectivo desta intervención é presentar unha experiencia desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela nos últimos meses: a creación da serie de presentacións *Fraseoloxía visual*. Está concibida como unha reflexión práctica sobre as posibilidades dos produtos “novos” e as vantaxes da transmisión “non habitual” dos contidos lingüísticos.

Fraseoloxía visual pode definirse como unha serie de vídeos que ilustran –mediante o emprego de fotografías con licenza libre– frases feitas da nosa lingua, sinalando en moitas ocasións o castelanismo paralelo e concorrente. Rendémonos conscientemente ante o poder evocador da imaxe e escollemos a canle audiovisual para vehicular a adquisición dos contidos con dinamismo e simpatía. A imaxe adquiriu na nosa sociedade unha centralidade evidente: coñecemos o papel da publicidade na reprodución das ideoloxías, a actuación da nosa memoria a curto e medio prazo ou o contacto constante que hoxe temos co rexistro e recepción de contidos audiovisuais.

Tentaremos exemplificar aquí as fases de creación deste produto. A busca de imaxes representativas, por exemplo, demostra o alto grao de matices dun traballo creativo ligado á vertente expresiva da lingua, xa que as fotografías contan, por veces, historias tan longas como as da máis milenaria metáfora. Polo que ao contido lingüístico respecta, a peneira fundamental foi a rendibilidade das expresións ou a intuición dunha forte interposición das solucións casteláns.

É claro que, en canto ao formato, xogamos cun mecanismo de posíbel aplicación a múltiples realidades (léxico, outras estruturas lingüísticas, patrimonio material...). Estamos a referirnos a un soporte (o vídeo, a presentación) que fixo posíbel no noso caso unha difusión considerábel en poucos días e activou a memoria lingüística e afectiva das e dos receptores. Dalgún xeito, as dúas entregas de *Fraseoloxía visual* foron interpretadas como sinxela representación colectiva, como espello identitario.

Existe un traballo lingüístico “desde a cerna”, que é aquel que os dicionarios de fraseoloxía testemuñan, mais (re)descubrimos en grupo estoutra parte do traballo, a da vehiculación, é o noso desexo. E talvez sexa unha das nosas oportunidades.



Coloquio
**PROPOSTAS DE INTERACCIÓN COA XUVENTUDE NO ÁMBITO DO
LECER E DO TEMPO LIBRE**

Brais Fernández

Resumo

Xandobela somos unha iniciativa de Dinamización Sociocultural nada no 2005 en Compostela, radicada na realidade galega e con vocación universal.

Promovemos Xandobela un equipo de persoas educadas no asociacionismo xuvenil e veciñal, con experiencia no traballo sociocultural en distintos colectivos e programas e con dilatada formación e experiencia en animación, Educación Social e Dirección de Actividades de Lecer e Tempo Libre.

Xandobela somos un colectivo de educadores non-formais que traballa os vellos eidos da cultura e da relación entre as persoas, na procura de novos horizontes e favorecendo unha actitude integradora, creativa, intercultural e lúdica.

A lingua galega é unha das nosas razóns de ser e non concibimos a educación no tempo libre en Galicia se non é utilizando e dignificando a nosa lingua e cultura. A cultura entendémola como algo vivo que non se debe reverenciar en altares e é por iso que a literatura, o patrimonio inmaterial, o diálogo interxeracional ou elementos da Alta Cultura son compoñentes das nosas actividades, que se fan accesibles ao conxunto da poboación mediante xogos, pois o que máis gostamos de facer é de educar xogando. *Xandobelar* significa *xogar* en barallete e, sen perder mingua de rigor nin responsabilidade, é pedagogía lúdica o noso xeito de facer. Non gostamos de nos pór graves, senón desenvolver a empatía tocante aos contidos que divulgamos.

-Xincana literaria "... na voz da xente" encol do persoeiro homenaxeado cada ano nas Letras Galegas. Xincana literaria, contacontos cultural, unidade didáctica.

-Bibliotecas Vivas. Vigo 2011: "Os Tesouros Vivos", "Lingua Viva".

-Ludoteca Lingüística. Entre a variedade de "ludotecas itinerantes" que desenvolvemos, con especial cariño concibimos a adicada a promover competencias lingüísticas mediante o xogo.

Coloquio
**PROPOSTAS DE INTERACCIÓN COA XUVENTUDE NO ÁMBITO DO
LEGER E DO TEMPO LIBRE**

Iria Castro

Resumo

A Asociación Trabalingua xorde hai tres anos despois das I Xeiras pola Lingua Galega organizadas polos Comités. Alí reunímonos parte dos asistentes ó decatámonos de que tiñamos algo en común: queriamos axudar e poñer o noso gran de area, non queriamos estar inertes, impasibles ante todo o que estaba a suceder: así naceu Trabalingua como asociación aberta a todo aquel que estea interesado e que teña ilusión e ganas de traballar.

A maioría dos socios pertencen á comunidade universitaria e é por iso polo que as actividades van encamiñadas a un público novo e a meirande parte das veces universitario. O que queremos é dálle presenza á lingua neste eido, fundamentalmente porque é do que procedemos todos e por ser o que coñecemos mellor.

As nosas actividades non teñen un patrón definitorio, intentamos chegar a todo tipo de público porque cremos que é aí onde está a normalización. **Non só usar o galego como lingua vehicular se non que non resulte estraño que a sexa.** Por iso as actividades que facemos son multidisciplinares. Dende homenaxes a figuras intelectuais e políticas do país ata obradoiros de beatbox pasando polas celebracións do día da ciencia ou un concurso de billarda.



Coloquio OUTROS ESPAZOS PARA COMUNICAR COA MOCIDADE

Ana Bulnes

Resumo

Disquecool é un medio online de tendencias galego e en galego. Naceu en maio de 2011 ao percibir que había un tipo de contidos e temáticas que interesan á mocidade que non se estaba a cubrir na nosa lingua de forma habitual por un medio especializado. Aínda agora, o uso do galego nos medios de comunicación está moi asociado á cultura máis clásica, pero non a temas máis atractivos para un sector da mocidade (o dos "modernos") coma a moda, o deseño, a tecnoloxía, o marketing e incluso o sexo, algo do que está a quedar claro que existía bastante demanda.

Outra das claves que cremos que está a ser moi importante no labor de normalización que se fai (de forma involuntaria) a través de Disquecool é o seu enfoque á hora de escoller contidos: ser un medio galego e estar en galego non significa que deba falar só de cousas (aínda que sexan "modernas e cool") que acontecen en Galicia. A idea é falar de calquera cousa que poida interesar a xente de aquí: interésannos as cousas que pasan en Galicia, pero tamén as tendencias que veñen de fóra. Interesa o local, pero como reflexo dunha mocidade xa máis viaxada e cosmopolita, tamén queremos saber que se fai en Nova York ou en Estocolmo.

Unha base bastante ampla dos nosos lectores máis fieis é castelán-falante, un tipo de público que nunca lera de forma habitual un medio en galego porque non había ningún que tratase temas que lles interesaban ou porque sentían detrás sempre o verniz político. En Disquecool, nos nosos artigos e nas comunicacións que facemos a través das redes sociais, non reivindicamos o uso do galego. Simplemente o utilizamos porque é normal e porque é cool!

As estatísticas din que, se ben nos últimos anos creceu a porcentaxe de xente nova (de entre 15 e 29 anos) que utiliza só o galego ou máis o galego que o castelán, a media está aínda por debaixo da de toda a poboación. Por que acontece isto? Como se podería cambiar? Asociar a lingua a temas que lles interesen é sen dúbida un paso na dirección correcta.



Coloquio
OUTROS ESPAZOS PARA COMUNICAR COA MOCIDADE

García MC

Resumo

Serxio Regos "García Mc" plantexará a súa liña de pensamento arredor da Cultura Hip Hop como ferramenta de empoderamento e de transformación social. É unha ferramenta integral pois, dende o seu punto de vista, neste Movemento contracultural xurdido a principios dos anos 70 o papel oral mesturado coa música presentase como un xeito de intervención político-social moi potente. Velaí o éxito de que constantemente chegue a xente nova de todo o globo, sobre todo alí onde hai exclusión social. Aínda que non só pois non esquezamos que o capitalismo usurpou boa parte da imaxe deste Movemento social. Neste contexto de perda de falantes do galego día a día, o Rap está a abrir novos camiños por estes lares como xeito de expresión oral ke é. Pero sobre todo como voz rebelde, de resistencia e de futuro fronte a este proceso actual de descomposición da lingua galega enmarcada así na etapa neoliberal, individualizadora e homoxénea ke padecemos no caso das linguas minorizadas.

Coloquio
OUTROS ESPAZOS PARA COMUNICAR COA MOCIDADE

Xabier Seixo

Resumo

- > O mundo dixital, hábitos de consumo de contido dixital.
 - > O contido lúdico dixital.
 - > Situación do galego na tecnoloxía: software, música, películas, libros, xogos...
 - > Contido lúdico en galego na tecnoloxía.
 - > GalegoLab.
 - > Propostas para mellorar a presenza do galego no campo lúdico dixital.
-
- Procomún (contido de libre distribución, licenzas)
 - Metodoloxía baseada no modelo do software libre para a xeración de contido.
 - Metodoloxía de traballo baseada na externalización en masa (*crowdsourcing*) para a xeración de contido.
 - Busca de recursos para a xeración de contido.
 - Metodoloxía de financiamento en masa (*Crowdfunding*) para a busca de xeración de contido.



Coloquio

OUTROS ESPAZOS PARA COMUNICAR COA MOCIDADE

Bernardo Penabade

Resumo

Resultado da colaboración entre a área de Innovación Educativa do IES Perdouro e Radio Burela, o programa Proxecto Neo é unha nova iniciativa encadrada dentro da estratexia didáctica "Modelo Burela" aplicada continuamente desde o ano 2004.

Do mesmo xeito que desde a área de innovación educativa do centro escolar se estimula o uso da lingua galega nas actividades comerciais e empresariais, nas cerimonias civís e relixiosas, tamén se apoia a presenza do noso idioma noutros sectores como o da atención sanitaria, as actividades deportivas ou na comunicación entre a mocidade.

Sendo Burela punto de encontro para centenaes de persoas chegadas de moi diversos lugares de todo o mundo, pensamos en recoller a voz daquelas que chegan a alcanzar a fluidez en idioma galego. Deste xeito, o programa radiofónico dá a coñecer ao público -moi especialmente a adolescentes- determinadas experiencias que poden servir como modelos de integración.

Proxecto Neo está, pois, protagonizado por neofalantes, persoas que se mostraron permeábeis á nosa cultura. Viñeron de Asturias, de Castela ou de diversos países do mundo e chegaron á Mariña e fixeron seus o idioma e a cultura de Galiza.

Semana a semana, os programas son producidos polos Equipos de Normalización Lingüística dos institutos de Burela e contan coa participación directa do alumnado tanto no papel de entrevistadores como de entrevistados.



VENRES 9 DE MARZO

Relatorio
MOVEMENTOS SOCIAIS EMERXENTES: A MOBILIZACIÓN XUVENIL

Manuel M. Barreiro

Resumo

Trátase ofrecer unha ollada panorámica dunha década de mobilización sociais en Galicia, desde as manifestacións contra a LOU, a finais de 2001, á ocupación das prazas polo movemento 15-M en 2011. E, con ese pano de fondo, reflexionar sobre a implicación e desafección da mocidade no principais ciclos de mobilización e protesta que se abranguen nesa paréntese temporal e no que se van relacionando diferentes causas: a oposición ás novas regulacións do ensino universitario e a súa crecente privatización (LOU, 2001; Boloña, 2009); a participación do Estado español na intervención bélica en Iraq denunciada polo movemento «Non á Guerra» (2003); a «marea da dignidade» fronte á catástrofe do *Prestige* que activou «Nunca Máis» (2002-2003); á reacción cidadá diante da manipulación política dos atentados do 11-M (2004); o impulso do cambio político que representou o «Hai que botalos» (2005); as mobilizacións contra a vaga de lumes (2006) e as accións de protesta de Galicia Non Se Vende (2008-2009) e, tras a caída do goberno bipartito, as mobilizacións en defensa da lingua galega (2009-2010) e o 15-M.

Quérense sinalar continuidades na expresión deses movementos sociais de protesta, subliñar en cales foi máis relevante o protagonismo da mocidade, e verificar os elementos de ruptura que achegou o movemento do 15-M e a emerxencia crítica dunha nova «política do común».



Relatorio **MOCIDADE, LINGUAS E REDES SOCIAIS**

Fernando Ramallo

Resumo

As tecnoloxías da información e a comunicación posibilitan a existencia dun espazo de interacción social ao cal as políticas relacionadas coa lingua non poden ser alleas. No contorno da internet 2.0, a mocidade é considerada un grupo social nativo, moi vencellado ás novas tecnoloxías e experto en moitos dos novos xéneros ciberdiscusivos: chat, blogs, redes sociais e outros proxectos de sociabilidade móbil. En todas estas actividades de interacción multimodal, a linguaxe ocupa un lugar central. No caso de linguas socialmente minoritarias, a relación coas novas tecnoloxías é complexa e problemática. Dun lado, por ser estas propias tecnoloxías unha fonte moi relevante de expansión das linguas maioritarias e dos seus valores culturais. Mais, doutro lado, son esas mesmas tecnoloxías as que proporcionan novas oportunidades para moitas comunidades de lingua minoritaria. Por iso, no caso do idioma galego é preciso ter información sincrónica actualizada que permita detectar tendencias e anticipar medidas de futuro que favorezan o dinamismo da lingua galega neste eido. Este relatorio presenta os resultados preliminares do estudo *Mocidade, redes sociais e lingua*, orientado a afondar nos usos e nas actitudes da lingua galega por parte da mocidade en Internet, co obxectivo de establecer un marco de referencia que sexa útil para a elaboración de hipóteses e toma de decisións sobre mocidade galega e tecnoloxías da información e a comunicación.

Debate **O TRABALLO XUSTO E ILUSIONANTE DOS SNL**

Socorro García

Resumo

¿Son os servizos de normalización unidades técnicas?

¿Cal foi o contexto no que se traballou e cales foron os avances máis salientables? ¿E cales os atrancos?

¿Cal é o novo contexto?

¿Alguén reivindica a utilidade dos SNL?

¿Hai bases para o futuro?



Debate

O TRABALLO XUSTO E ILUSIONANTE DOS SNL

Alicia Otero

Resumo

1.- O MANDATO NORMALIZADOR AOS PODERES PÚBLICOS NA LEXISLACIÓN LINGÜÍSTICA.

A lexislación vixente establece un mandato para todos os poderes públicos de fomentar o coñecemento e asegurar a protección do idioma galego: o mandato normalizador.

Estudo da normativa relativa á normalización do galego e do sometemento das administracións públicas ao mandato normalizador imposto por aquela.

2.- A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA É UN PROCESO SEN FINALIZAR.

Da definición xurisprudencial da normalización lingüística conclúese que o mandato normalizador da lingua galega aos poderes públicos ten un carácter progresivo, polo que constitúe unha obriga actual e vixente. Para facela efectiva esta obriga, os responsables públicos necesitan do persoal técnico cualificado que garanta o respecto e fomento da lingua propia de Galicia.

3.- O PAPEL DAS ENTIDADES LOCAIS.

- As entidades locais galegas, como poderes públicos que son, están sometidos ao mandato constitucional e legal de promover e fomentar o idioma galego.
- A administración local é a máis próxima á cidadanía, polo que constitúe o primeiro nivel na promoción e defensa do idioma e dos dereitos lingüísticos dos/as falantes.
- As competencias municipais e idioma galego.

4.- OS SNL A NIVEL MUNICIPAL.

Estudo xeral da organización administrativa dos servizos municipais e do persoal adscrito a estes.

Análise das distintas posibilidades e alternativas que permitan ás administracións públicas contar con servizos técnicos de normalización lingüística.

5.- EXPERIENCIAS PERSOAIS COMO USUARIA DO SNL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.



Debate

O TRABALLO XUSTO E ILUSIONANTE DOS SNL

Celso Rodríguez

Resumo

Defendo a idea de que o éxito dos servizos de normalización lingüística (SNL) non só depende do traballo "xusto e ilusionante" que desenvolven, senón tamén da percepción que a sociedade teña dese traballo. Nos tempos de bonanza económica é posible potenciar un servizo útil aínda que a sociedade descoñeza a súa actividade, pero tamén é fácil para un/unha responsable político/a suprimir ou minorar un servizo que a sociedade á que representa descoñece ou non coñece o traballo que desenvolve. Nos tempos de crise que estamos a vivir non é de recibo potenciar un servizo, aínda que sexa útil, se a sociedade descoñece a súa actividade. Pola contra, é fácil para un/unha responsable político/a –haberá quen pense que incluso necesario– suprimir ou minorar un servizo que a sociedade á que representa descoñece.

Por suposto que tamén sei que os/as responsables políticos/as poden actuar de costas aos seus representados e ás súas representadas, e de costas aos obxectivos sociais de máis longo percorrido. Non son illadas as decisións que tentan contentar o barrio de parroquiáns máis afín, aínda que iso supoña tirar polo chan o esforzo de moitos anos de traballo por unha sociedade que procura o consenso e os puntos de encontro.

Estas primeiras reflexións poden servir para xustificar que a miña intervención pretenda centrar unha parte do debate en que podemos facer para que os SNL sexan visibles ante a sociedade.

Parto da base que os SNL fan un traballo xusto e ilusionante e tamén de calidade. Eu non pretendo incidir en como se fai ese "traballo xusto, ilusionante e de calidade", senón en como facemos para que a sociedade saiba del e o perciba así. Para isto, creo que é necesario ter resposta a algunhas preguntas. Poderían parecerse a estas:

- Que fai un SNL? Que servizos presta?
- A quen serve? A quen lle presta os seus servizos?
- Quen valora o seu traballo? Quen avalía a súa calidade? Cales son os parámetros que usa a sociedade para avaliar un servizo?

Estas preguntas non se formulan para analizar e debater como as respondemos ante as persoas que participan nestes XIV Encontros para a Normalización Lingüística. Temos que analizar e debater en como as respondemos ante a cidadanía, tamén ante os cidadáns e cidadás que consideran, por exemplo, que máis vale seguir escribindo en castelán que "facer o ridículo" escribindo en galego.

A miña opción é trasladarlle á cidadanía os nosos compromisos con ela mediante a formulación do que podemos chamar "Compromisos de servizo", que poden converxer co que habitualmente se chama "Cartas de servizo" ou quedar coa esencia e espírito destas ferramentas, útiles para unha xestión da calidade.



Debate
COMO MELLORAR O LABOR DOS ENDL

Mercedes Queixas

Resumo

Abranguermos o suxectivo titular que se nos propón para esta mesa redonda implica facérmonos algunhas preguntas ao redor do camiño andado nos xa cumpridos 20 anos de existencia dos equipos, rememorarmos o presente contextualizador que condiciona o seu traballo, para, finalmente, debullarmos estratexias de actuación en positivo que se signifiquen na concreción do concepto *normalización lingüística* no ámbito escolar e na proxección social que deste se poida derivar.

Os Equipos de Normalización Lingüística –actualmente rebautizados pola Administración galega como Equipos de Dinamización da Lingua Galega, previa a aínda non esquecida transición dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística– teñen sido os verdadeiros motores activos da normalización do idioma galego, desde a súa aposta pola competencia do galego, de xeito integrador, comunicativo, desprexuízado, transversal, contemporáneo, innovador e plural.

Velaquí, con certeza, as razóns de teren sido estes equipos, profesionais e humanos, albo dos máis agresivos ataques e censuras nos últimos tres anos a través de, por unha banda, mediáticas denuncias furibundas e inxustas procedentes de certos grupos sociais segregadores e intolerantes e, pola outra, de silencios consentidores e amparadores dos anteriores ou declaracións improcedentes por parte de quen nesta altura detenta a máxima responsabilidade no ámbito da educación e da planificación lingüística.

Debate
COMO MELLORAR O LABOR DOS ENDL

Xabier Camba

Resumo

Estratexias indispensábeis para o traballo normalizador e dinamizador

1. Participación. Dificultades e propostas.
2. Análise e planificación. Rutinas, realidade. Para qué e para quen.
3. E se non chegamos así, igual podemos atallar.



Debate
COMO MELLORAR O LABOR DOS ENDL

Roberto Catoira

Resumo

Primeiro contaremos, a grandes rasgos, a historia dos fitos máis importantes do EDLG do noso centro. Despois falaríamos dalgunhas circunstancias que rodean o traballo dos EDLG nos centros concertados:

- Nós traballamos nunha empresa privada, así que temos que ter coidado co que facemos e temos que seguir unhas directrices marcadas pola dirección, que en moitos casos non son moi favorables a cousas como a normalización do galego.
- A dirección en moitas ocasións (case todas) é relixiosa e iso, en Galicia, significa normalmente que hai máis atrancos. Podemos mencionar que no noso centro a presenza de relixiosos é bastante testemuñal dende hai anos (é verdade, non pasa nada por dicilo). Pero isto non é unha regra fixa, hai relixiosos favorables e outros que non, hai seglares favorables e outros que non..... De todas maneiras é unha forma de facer entrar o galego na igrexa. Os relixiosos en xeral son máis vangardistas que os diocesanos e isto tamén se percibe no tema do galego.
- A estabilidade do cadro de profesorado é maior, iso facilita establecer dinámicas que se manteñen no tempo. Así que poden emprenderse proxectos a medio e longo prazo, porque é probable que vexas a súa evolución.

- Estamos afeitos a traballar en "entornos hostís" e nunhas condicións laborais máis duras, iso parece darnos un plus de resistencia para "tirar pa diante".
- Certa independencia económica do centro que lle permite apoiar proxectos nos que cre (no noso caso temos moitos exemplos: revista, programa de radio, etc.)
- Temos bastante asimilado que o voluntarismo é esencial para sacar adiante moitas destas actividades, e o empeño persoal de cada persoa ou grupo é o que acaba resolvendo os problemas (moi relacionado co da estabilidade temporal no emprego, podes poñer en marcha proxectos a medio ou longo prazo e ver como crecen).

- Os nosos centros están en entornos de centro urbano. Acollemos alumnado de clase social media e media-alta. É importante que a NL faga especial fincapé neste alumnado. É a clase social máis reticente a estes temas. Ademais a mentalidade política de moitos dos nosos pais tampouco favorece. Por que a xente máis mentalizada coa lingua non adoita vir aos nosos centros? Por que as nosas ANPAS son máis proclives a GB que a outras mentalidades? Cremos que a mentalidade dos defensores da lingua tería que cambiar a súa opinión ao respecto dos concertados. Se cadra non somos o inimigo, senón un terreo onde hai moito que traballar. É altamente probable que unha boa parte dos futuros dirixentes galegos pase polas aulas dos centros concertados, polo tanto é importante o labor de normalización do galego nestes centros.